

PLAN DIXITAL

CEEPR ASPANAES CORUÑA

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O CEEPR ASPANAES CORUÑA, pertence á Asociación ASPANAES (Asociación de Pais de Persoas con Trastorno do Espectro Autista de A Coruña); é unha entidade privada, sen ánimo de lucro e declarada de utilidade pública. Está inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións da Consellería de Xustiza Interior e Administracións Públicas, segundo resolución de data 5 de decembro de 1979. Foi declarada de Utilidade Pública polo Ministerio de Xustiza e Interior, en virtude da Orden do 9 de abril de 1996. Está acollida o réxime fiscal das entidades sen fines lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenazgo regulado no Título da Lei 49/2002 del 23 de decembro.

Este centro está concertado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Os nosos alumnos/as poden ter unha escolarización total neste centro ou unha escolarización combinada con colexios ordinarios.

Situado en Rúa O Catecismo nº 7 , 15008 A Coruña, ten un total de 7 aulas, cubrindo as etapas de educación primaria e secundaria. Atende a un total de 44 alumnos, dos cales 23 son escolarizados a tempo completo e 21 en modalidade de escolarización combinada. Contamos con 7 titores de aula mestres en pedagogía terapéutica, unha mestra de apoio, dúas mestras de audición e linguaxe, unha psicóloga orientadora e catro auxiliares técnicos educativos.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O centro atopase nun núcleo de poboación semiurbana. O campus universitario, atópase sito nesta parroquia, isto posibilita o uso de parques e zonas verdes, pertencentes ó campus sen necesidade de utilizar medios de transporte, así como fai máis sinxela a práctica de sendeirismo na zona.

O lado do centro (e compartindo contornas verdes) construíuse un pequeno edificio onde se sitúa o Local Social da Asociación de Veciños de Castro de Elviña. Consta dunha cafetería e unhas salas de uso veciñal.

Tamén contamos con outras cafeterías próximas e unha pequena librería (aínda que os accesos son deficitarios).

Para acceder a outros servizos da zona (hipermercados -Carrefour, Lidl, Alcampo-, fábrica de Coca-cola, centro urbano, praias, parques, etc.) precisamos medio de transporte, que pode ser o do noso propio centro (furgoneta), ou mediante o transporte urbano, xa que hai una parada cerca.

A ubicación do centro atópase debidamente sinalizada cun cartel que indica “Centro de Educación Especial ASPANAES”.

Contamos na contorna, con varios centros educativos privados concertados e privados, faltándonos sen embargo centros públicos.

Dispoñemos dun centro de saúde próximo, o policlínico Santa Teresa, podendo acceder a el con prontitude no caso de necesidade.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

O artigo 132 da devandita Lei establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

A disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022, e na disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021-2022 sinala que os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.

En liña coas orientacións establecidas no Plan de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea e no marco do Plan de Acción de Educación Dixital (2021-2027), a Consellería de Cultura, Educación e Universidade (en diante, a consellería) persegue a transformación dixital dos centros educativos de Galicia como organizacións a fin de que sexan dixitalmente competentes nos procesos de ensinoaprendizaxe, de xestión e de relación o que require de un proceso de mellora das competencias dos membros da comunidade educativa que se deberá recoller nun Plan Dixital do Centro como organización.

O Regulamento polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia do Consello Europeo do 11 de febreiro de 2021 establece como un dos seus principais eixes a transformación dixital na procura da excelencia, a universalidade e a equidade na educación; que elimina as brechas sociais e territoriais, que incentiva a formación continua e no talento, promocionando o emprendemento e a innovación, o reforzo das súas

capacidades de investigación e a atracción e fomento da excelencia. No Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica que impulsa a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, faise unha clara aposta por espazos ao servizo dos proxectos educativos, sobre todo vinculados á transformación dixital e que sexan xeradores de igualdade e de inclusión. Así como, na Estratexia Galicia Dixital 2030 e na Estratexia Educación Dixital 2030 de Galicia, cara a consecución dunha cidadanía dixital plena

1.4. Proceso de elaboración

O deseño do Plan Dixital de centro pretende recoller as ideas principais, determinar as prioridades e establecer os niveis de planificación que marcarán o plan de traballo do centro escolar no seu proceso de cambio e mellora. Ao ser un centro pequeno, de tan so 7 unidades, no proceso de elaboración participou todo o claustro, guiado polo coordinador das TICs. Este proceso de elaboración tivo varias fases:

- Autoavaliación e situación actual do centro (SELFIE)
- Realización dos test de Competencia Dixital Docente
- Elaboración do Dafo (coas correspondentes xornadas formativas)
- Elaboración do Plan Dixital

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O Centro conta cunha conexión a internet de 4G. Cada aula conta cunha conexión por cable e así mesmo existe a posibilidade de conexión wifi en todo o centro (compartindo esa conexión e 4g).

O equipamento disponible no centro

Equipamento / Infraestructura	Unidades	Localización	Ano / Estado		Dotado / Adquirido por
Ordenadores sobremesa	3	Despacho Aulas AL	Regular		-
Portátiles	8	Aulas	3 – 2021 - bo 2 - 2019 – bo 3-2015- regular		-
Ipad	22	Aulas	8	2010	Pantalla rota
			3	2011	
			1	2014	
			2	2017	
			1	2018	
			3	2019	
			1	2020	
			3	2021	
pantalla dixital	1	Sala Multiuso	2020 - bo		Autismo galicia
Multifuncións	2	Despacho	-		Renting

		Hall		
Proxectores	2	Sala multiuso Sala estimulación		AMPA -

A xestión e mantemento da infraestrutura e equipos do centro é levada a cabo por qpro

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: Resumo das áreas do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	2,7	2,7	-	-	-
	Profesorado	3	3,3	-	-	-
	Alumnado	-	-	-	-	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,8	2,8	-	-	-
	Profesorado	3,2	3,8	-	-	-
	Alumnado	-	-	-	-	-
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2,6	2,6	-	-	-
	Profesorado	2,9	3,4	-	-	-
	Alumnado	-	-	-	-	-
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,2	3,2	-	-	-
	Profesorado	2,3	4	-	-	-
	Alumnado	-	-	-	-	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,2	3,2	-	-	-
	Profesorado	3	4,3	-	-	-
	Alumnado	-	-	-	-	-
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,1	3,1	-	-	-
	Profesorado	3	3,6	-	-	-
	Alumnado	-	-	-	-	-
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3	3	-	-	-
	Profesorado	5	3,2	-	-	-
	Alumnado	-	-	-	-	-
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	1,8	1,8	-	-	-
	Profesorado	4	3,2	-	-	-
	Alumnado	-	-	-	-	-

Test CDD: Pódese incluír a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro. Tamén pode interesar reflectir o recollido na táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no TestCDD.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	3	8	37,5%
PROVISIONAL	-	-	-
INTERINO	-	-	-
SUBSTITUTO	0	1	0%
DESPRAZADO	=	=	=

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
54,3	Explorador/a (A2)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Ed. Esp	54,3	Explorador/a (A2)	72.2	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	33.3%
A2	1	33.3%
B1	1	33.3%
B2	-	-
C1	-	-
C2	-	-
TOTAL	3	99,9%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	A5 Coñecemento Equipo directivo e mestres das normas sobre dereito de autor e licencias	-
	PERSOAL DOCENTE	C7. Coñecemento de protección de datos . E2. Creación de recursos Dixitais. F1. Adaptámonos á necesidade do alumnado	-
	PERSOAL NON DOCENTE	-	-
	ALUMNADO	-	F4 Implicación do alumnado debido ás características do mesmo
	FAMILIAS	-	-
	OFERTA	-	-
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	C13. Posibilidade de traer propios equipos ao centro	-

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	C2 Actualización equipamento dixital obsoleto	A5. Non dispor de tempo para explorar a ensinanza dixital
	LEXISLACIÓN	E1. Recursos educativos en línea	-
	CONTORNA	-	C3. Acceso a internet (características da zona , non chega a fibra)
	ANPA	-	-
	OUTRAS ENTIDADES	-	-

3. Plan de Acción

Cada unha das accións propostas terá asociado un obxectivo measurable, real, planificado e axustado ás necesidades do centro. Determinaranse una serie de indicadores para medir a súa consecucións durante a súa implantación e ao final do curso. Para poder traballar cada un dos obxectivos mostraranse toda a información nas táboas que recollen os seguintes aspectos.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Partindo da análise da DAFO do centro establecemos tres obxectivos prioritarios e determinados as accións necesarias para acadalos.

- ***Adaptar actividades de aprendizaxe que favorezcan a implicación do alumnado debido a súas características.***

Contextualizado na área de mellora pedagóxica implementación na aula. Debido ás características do noso centro e alumnado, pretendemos a adaptación/creación dun recurso dixital por docente. O responsable é o Claustro e para acadalo establécense as seguintes acción:

- Listado de intereses do alumnado
- Adaptar actividades dixitais en función dos intereses dos alumnos
- Poñer en práctica as actividades
- Avaliar as actividades

- ***Estructurar horarios e espazos para explorar a ensinanza dixital.***

Contextualizado na área de mellora de liderado. Pretendemos que todos os docentes dispoñan de tempo á semana para a exploración da ensinanza dixital. O responsable é o Equipo directivo e para acadalo establécense as seguintes accións:

- Analizar espazos e horarios para planificar a organización da ensinanza dixital
- Elaborar un planing para a distribución dos espazos, tempo e profesionais

- ***Renovar equipamento dixital do centro.***

Contextualizado na área de mellora de infraestrutura e equipos. Pretendemos polo menos á renovación dun equipo dixital ao ano. Responsable: Coordinador TICS

- Realizar listado de equipos dixitais
- Análise dos equipos dixitais
- Elaborar un plan de necesidades
- Realizar solicitude para cubrir necesidades

Táboa: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

“Área/s de mellora”: F4. PEDAGOXIA IMPLEMENTACION NA AULA						
1. OBXECTIVO (1):	ADAPTAR ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE QUE FAVOREZCAN A IMPLICACIÓN DO ALUMNADO DEBIDO A SÚAS CARACTERÍSTICAS				Acadado	
RESPONSABLE:	CLAUSTRO				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	NUMERO DE RECURSOS ADAPTADOS POLOS MESTRES					
Valor de partida (3)	NON SE APLICA					
Valor previsto e data (4)	PREVISTO 1 RECURSO DIXITAL POR DOCENTE			30-06-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: LISTADO DE INTERESES DO ALUMNADO	TITORES	20/12/2022	Folla de recollida de datos Alumnado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: ADAPTAR ACTIVIDADES DIXITAIS EN FUNCIÓN DOS INTERESES DOS ALUMNOS	TITORES	30/04/2023	SOFTWARE ESPECIFICO (Se fose necesario) Paxinas web Equipamento informático		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: POÑER EN PRACTICA AS ACTIVIDADES	TITORES	30/04/2023	Recursos adaptados Alumnado Equipamento informático		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: AVALIAR AS ACTIVIDADES	TITORES	20/06/2023	Folla recollida de datos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: A5. LIDERADO						
1. OBXECTIVO (1):	ESTRUCTURAR HORARIOS E ESPAZOS PARA EXPLORAR A ENSINANZA DIXITAL				Acadado	
RESPONSABLE:	DIRECTOR DO CENTRO E XEFES DE ESTUDIOS				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	% DE DOCENTES QUE DISPOÑEN DE TEMPO PARA EXPLORAR DA ENSINAZA DIXITAL					
Valor de partida (3)	NON SE APLICA					
Valor previsto e data (4)	100% TODOLOS DOCENTES DISPOÑEN DE TEMPO A SEMANA			30-06-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: ANALIZAR ESPAZOS E HORARIOS PARA PLANIFICAR A ORGANIZACIÓN DA ENSINANZA DIXITAL	EQUIPO DIRECTIVO	20/12/2022	Horarios do profesorado Espazos disponibles Profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2:ELABORAR UN PLANIN PARA A DISTRIBUCIÓN DOS ESPAZOS, TEMPO E PROFESIONAIS	EQUIPO DIRECTIVO	ABRIL 2023 – XUÑO 2023	Horarios do profesorado Espazos disponibles Profesorado Equipo de dinamización do PD		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: C2 INFRAESTRUCTURA E EQUIPOS

1. OBXECTIVO (1):	RENOVAR EQUIPAMENTO DIXITAL DO CENTRO	Acadado	
RESPONSABLE:	DIRECTOR DO CENTRO E COORDINADOR TIC	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	NÚMERO DE EQUIPOS RENOVADOS/ACTUALIZADOS ANUALMENTE DO CENTRO		
Valor de partida (3)	NON SE APLICA		
Valor previsto e data (4)	PREVISTO 1 EQUIPO O ANO	30-06-2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: REALIZAR LISTADO DE EQUIPOS DIXITAIS	COORDINADOR	20/12/2022	Listado Equipamento informatico		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: ANALISIS DOS EQUIPOS DIXITAIS	COORDINADOR	30/03/2023	Equipamento informatico		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: ELABORAR UN PLAN DE NECESIDADES	COORDINADOR	30/03/2023	Folla recollida de datos cumprimentada		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: REALIZAR SOLICITUDE PARA CUBRIR NECESIDADES	COORDINADOR	30/06/2023	Solicitude		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

A continuación, e tendo en conta as instrucións enviadas por AMTEGA, atópase unha relación do que o noso centro precisa en canto o equipamento e infraestruturas tecnolóxicas, para así mellorar non soamente o centro, se non tamén a calidade do ensino aprendizaxe co noso alumnado.

Equipamento/Infraestructura que se precisa	Unidades	Localización	Xustificación da necesidade
Acceso wifi	1	Aula Lila	Hai clases onde a sinal e feble
Rede 5g	1		Para mellorar a velocidade de internet actual

4. Avaliación do plan

Para poder avaliar o plan, será necesario medir o grao de consecución dos obxectivos que nos marcamos. Tamén será necesario comprobar a efectividade das actuacións levadas a cabo, que deben ser específicos e concretos; ser medibles, alcanzables, realistas e definidos no tempo. Para levar a cabo a avaliación, teremos en conta os seguintes instrumentos e ferramentas:

- Os indicadores da avaliación asociados a cada un dos obxectivos e accións. Respetando os prazos marcados
- A ferramenta da avaliación SELFIE a través da cal podemos facer unha análise da competencia dixital do centro. O plan avaliarase en función dos resultados obtidos no marco dos obxetivos e prazo previstos.
- Informe do progreso formará parte da Memoria Anual do Centro.

5. Difusión do plan

Unha vez lido o plan dixital por parte do claustro e que sexa aprobado polo Consello Escolar, porase a disposición da comunidade educativa, tanto a nivel físico cunha copia xunto o resto de documentación do centro coma en formato dixital estando accesible á comunidade educativa no drive do Centro.